

CLUB DE LECTURA: "Ler é lecer"



OPCIÓN 1



Aine contaba nove anos a primeira vez que viaxou cos seus pais de vacacións. Naqueles días, ademais de percorrer a cidade, visitaron unha exposición. Era sobre unha estrela de rock que mudaba de aspecto coma os camaleóns. Un arreguizo estraño percorreulle o corpo cando se fixou na roupa que vestía, pois non soubo se era de home ou de muller. Emocionouse ao ver que tiña o cabelo roxo, tan semellante ao seu. Escoitou aquela canción que falaba dun extraterrestre que só quería cantar e bailar e tivo unha revelación: Aine, de maior, sería igual que Ziggy Stardust, un músico marciano que podía ser todo o que lle dese a gana. Coa axuda de Thomas, o seu inseparable amigo imaxinario, ía lograr.

Cando Xelis descubriu aquela botella de mar na regaña máis agochada da Punta de Bruaboi, decatouse de que algo extraordinario estaba a piques de acontecer. Unha gran mancha de plásticos, que navegaba errática polos océanos, deu en ameazar a illa de Otilc e puxo en perigo os seus habitantes. Os grandes guieiros da natureza non saben como actuar. Xelis inicia entón unha arriscada viaxe no lombo do mascato Mult ata as inmediacións do círculo polar ártico, onde coñecerá a Ilva, o avó Jónas e a súa extraordinaria fábrica de luz. Xuntos emprenderán a dura tarefa de atrapar a illa de plásticos para evitar a desfeita ecolóxica do planeta. Serán capaces de facelo? Como podes axudalos ti? Únete a esta fantástica tribo na apaixonante aventura de salvar os océanos!

OPCIÓN 2



Os clubs de lectura terán lugar os **mércores**, cada quince días, durante o tempo de lecer no punto lector. Os grupos estarán formados por 12 alumnas/os e prégase compromiso e responsabilidade para ler o libro, seguindo as quendas marcadas, e acudir ás xuntanzas de debate, nas que aportará as súas sensacións e punto de vista. No caso de que haxa máis perosas inscritas, realizarase un sorteo para coñecer ás participantes definitivas/os. Unha vez escollida a vosa opción, comunicarédesllo á vosa titora para que ela llo transmita a Puca antes do **17 de decembro**.

NOME: _____

OPCIÓN ESCOLLIDA:

1

2